

RG 2/12



Suscripción

Ourense ó mes. . . . 2 reas.
Fora trimestre. . . . 8 »
Amérecas trimestre. . 20 »
Pago adiantado.

Núm. do dia, un can.

AS BURGAS

LITERATURA E ARTES

Observacios

Anuncios e comunicados a precios convencionales. Non se responde d' os articulos firmados. Non se devolven os orixinales. Tod' a correspondencia á Redacción; PADRE FEIXOO, 7.

<p>Tres cousas hay en Ourense Que non-as hay en España: O Santo Cristo y-a Ponte Y-as Burgas fervendo a y-auga.</p>	<p>Pubricase todol-os domingos</p>	<p>Pra bo sol e pra bo viño Non hay pobo cal Ourense... Y-el ten a fror das boas mozas Y-a fror dos homes valentes.</p>
---	------------------------------------	---

A CEDULA D' „AS BURGAS“

Non vamos á quebrar a costume, Aparescemos n-a casa pública da prensa, y-o conquerir pr' As BURGAS un anaquiño pra espetar n-él o noso pabellón, e abóndanos pouco espazo, non esqueceremos *eso* de espricar o que somos, onde vimos y-onde vamos.

Costume xa enxergada ley, como s' enxergan moitas cósas, de prisa e correndo, y-unque humildes, con esa humildade que nasce do conocimiento d' un mesmo, que de nada se gaba; costume de sempre, non pisaremos por riba d'ela y-ahí vay a cedula d' As BURGAS.

Si acolléramos dentro da nosa y-alma ó argullo d' un valimento por ninguen reconocido, poidéramos hoxe vestir o millor traxe do pais é faguer soar as campás dos dias de festa. Mais nin sentimos un, nin temos sinon unhas cirigolas de estopa que cicais non sirvan xiquera pra poder sair da oscuridade que nos cobre, é, sin moca é co-a monteira baix' o brazo, presentarnos ante os nosos hirmaus en letras, de modo que non ruba ós seus labeos sonrisa cuasique de desprecio, ó vernos tan probes como o labrego mais probe d' aldea mais traballada pol-o caciquismo.

Non; non somos argullosos, nin poideramos sel-o tampouco. Non se nos aculta qu' as campás da soa inda teñen que dar algunhas badaladas, pra adequirir nembradía. Pro dóenos á falta d' un pródico esquirto n-a enxebre lingoa do chau nativo, onde, os que coltivan o gallego, poideran espaxar as cheirosas froles d' este bendito Parnaso galiciano. Sòmentes por eso, publicamos AS BURGAS; non ten outro obxeto, non persigue mais fondos fis.

Somos, pois, mozos de hoxe, sin nome, sin historia; vimos do máis escuro do couto literario; vamos a ofrecer á todos é, por esprito de mocidade, á xeneración que nasce n-este anaco de terra, estas catro follas pra que nos axuden a enchelas prodicamente co-a poesía que s' asenta n-os montes, n-os vals, n-os regatos, n-as costas, n-as chouzas é frota hastra n-os aires d' esta feiticeira Galicia.

E ¿quen sabe?; poida ser que teñamos á fortuna d' encher o buraco qu' está aberto n-a literatura rexional. As grandes, xenerosas empresas surxen, moitas veces, sobre ó nome iñorado do máis pequeno.

Ademáis sentimos, xoguetear, louca é firente eiqui dentro, a esperanza de que non atoparemos, por toda gloria, o vacío ó redor noso. Y-esto, entre á ousadía da empresa, aléntanos á levala á cabo.

Ahi teñen, pois, AS BURGAS os poetas y-os esquirtores gallegos. E d' eles e mais nosa; e decir: dos tres,

cuyas modestas pro entusiastas firmas campean por estas follas adiante.

Ala, lonxe, n-a terra de Provenza, os antigos xustadores, iban de castelo en castelo chamando ós seus hirmaus en amor e poesía a congregarse en xuntas groriosas pr' aquela patria d' os Felibes. Nos, o-As BURGAS n-a mau, vamos tamen de chouza en chouza, saudando os hirmaus nosos, e chamándoos a congregarse á cantar sobr' estas follas de papel, os santos amores que todos levamos n-o curazón baixo estes ceos de Galicia.

Benditos sexan os frutos si son proveitosos d' esta obra qu' emprendemos.

B. S. E.

SAUDO OS COMPAÑEIROS

Paxaros d' un mesmo niño, aquecidos baixo as ás da pomba Galicia que nos adorme co mesmo calor, calor que fai adourar á terra onde fumos nados é esmairnos soñando n-a sua rexeneración, nada temos que decir senon enviaros á aperta mais entusiasta, que cando ó corazón sinte moito os beizos podrán bicar pero non falar; ó entusiasmo podrá estender os brazos á esculcas de peito amigo, pero poucas veces move á boca paralizada pol' a emoción.

Creanciñas chegadas hoxe o estadio da prensa soilo deseamos topar un canto que nos concedan gariños nosos compañeiros xa maestros n-as lides peperiodísticas.

Así ó esperamos porque nos abonan duas cousas de valia. Soinos das Burgas y-an que nos chaman *graxos* todos saben que non temos mais que un corazón nobre y-apasionado, n-o cal ferven todol' os entusiasmos como ferven as augas das nosas fontes, y-a mayor abundamento traguemos por escudo á meiga fala con que nos arrolaron n-o Verce, pra saudaros co meigo lema *Deus fratesque Gallicae*.

Airiños, airiños aires,
airiños da miña terra,
airiños, airiños aires;
airiños, levaime á ela.

Doces galleguiños aires,
quitadeiriños de penas,
encantadores das augas,
amantes das arboredas;



música das verdes canas
do millo das nosas veigas
alegres compañeiríños,
rum-rum de total-as festas,
levaime nas vosas alas
como unha folliña seca;
non permitais que aquí morra
airiños da miña terra,
que aínda penso que de morta
hei de sospirar por ela,
aínda penso, airiños, aires,
que dimpois que morta sea
e aló pol-o campo santo
donde enterrada me teñan,
pasos na calada noite
rungindo entre á folla seca
ou murmuxando medrosos
entre as brancas calaveras,
inda despois de mortíña,
airiños da miña terra,
heivos de berrar: Airiños,
airiños levaime á ela!

ROSALÍA CASTRO DE MURGUÍA.

A OUTRO CAN CON ESE HOSO

I

Pasiño á paso, ou como quen di pe tras pe, iba don Hermógenes camiño do ceo, que, como din os teólogos, é estreito e dificultoso, e moito mais pra quen n-este mundo terrenal foi maestro de escola, non soilo pol-o debil y-estrancallado que está, senon pol' as moitas veces que se enrabechan e votan pol' a boca sapos e culebras.

Y-entanto camiñaba, cun saco ó lombo n-o cal levaba os pecados y-obras boas que fixera, uneco capital que sempre tivo, iba pensando n-as tribulaciós que pasou eiquí embaixo que non foron poucas por obra e gracia do cacique é demais enemigos dos probes.

Non sei si levaba camisa, porque e moito luxo pra un maestro, e á mayor abundamento que morrerra n-un hespital nos cales hay tanta caridá que enterran os que non teñen cartos en porrancho, pero si a levaba, de seguro non lle chegaba o corpo ó lembrarse da vida que pasou n-este val de lágremas.

Acordabase das imposiciós, da sin vergoña dos gobernos que non lle pagaban, do desprecio das xentes que ollan os maestros como cas doentes e, riba todo, dos condanidos dos rapaces cos que tivo que pelexar trinta anos, suando por desbrabalos y-en fin tan amolado d' eles que soilo o pensalo alegrabase de haber morto.

E ben fora porque estaba canso, ou por non perder á costume da espera, que adprendera esperando as pagas, sentouse n-a couceira da porta do ceo y-alí se quedou un anaco vendo de acordarse do úneco discurso que fixo n-a vida pra lle adicar ó director de Instrución publica é que pensaba espetarillo á San Pedro.

Alí estivo un bon anaco rindo a gargoladas ó ver como o santo porteiro lle batía á moitos co-a porta n-os fociños:

Alí o alcalde que non tiña entrada pol-as moitas alcaldadas que fixo.

Alí o crego que cobraba de rédetos o cen por cen é tiña sobriños sin ter hirmaus.

Alí as mulleres que por mintir e mintir hastra finxen co a roupa o que non teñen.

Hastra que canso de estar sentado chamou con moito modiño é presentouse San Pedro entreabrindo a porta con recelía por medo non se colase de oculitis algunha muller, que son as que con premiso on sin el se meten en todas partes.

Mirou San Pedro o saco dos pecados, e como había bastantes, iba á mandalo ó Purgatorio, cando se fixou n-o titolo de maestro polo cal caiu n-a conta de que ó Purgatorio xa ó pasara n-este mundo, é mandouno entrar.

II

Caiu o probe maestro, de xinollos, tolo co-alegria, soaron as arpas celestes, espallouse barrunto de cheiros celestiás y-entr' os resprandores devinos abríronse de par en par as portas do ceo pra recibir ó bien aventurado.

Pero cando San Pedro pensou que ó maestro iba á entrar, quedou parvo o velo escapar á toda presa, tapando os ouvidos é batuxando co saco pra espantar os anxeliños que o rodeaban rebuldando toleirós pol' os aires entre fianchos de luz é brétemas de coores.

Correu San Pedro detrás dil, colléuno pol' os baldrillís do rendigote, virouno de un suco y-enrabexado dixolle:—¿como se entende; ábrenselle as portas do ceo é fuxe?

—Perdon, señor, eu non son digno de entrar no ceo... e quedome á porta...

—Pois quédese, enhoramala...

Y-enfurrñado, meteuse pra dentro batendo as portas en tanto que o maestro quedaba remusgando:

—O aire... á outro can con ese hoso... ¡Ceo con nenos!... que llo conten á quen non fose maestro...

Heraclio P. Placer.

A REBOLADA

Mañanciñas choronas do triste Outono
Que n-as rias tendedes isa tristeira
Manteliña de névoa que garda ó sono
En que durmen as galas da Primaveira.

Mañanciñas choronas en que os orballos
N-as tremantes pingotas escintilean
Cal brillante coroa que n-os carballos
N-as marelas folliñas luces troulean.

Mañanciñas que os agros cobren de cheiros
De gorxeos é trinos as cotovías,
Os paxaros que cantan sempre os primeiros
D' os Outonos as tristes melancolías.

Mañanciñas choronas, que n-as Mariñas
Inda fan mais tristeiras os mazaricos
Co-as suas notas de frautas amorosiñas,
Mentras buscan ameixas c-os longos picos.

¡Mañanciñas de Outonos sempre tristesiros
Sin os còres brillantes das alboradas:
¿De vosoutras que fora si n-os outeiros
Non xogasen as risas das reboladas?

As brétemas da noite xa fuxiron
E á lus d' alborada xa comenza
A pintar n-os curutos das montanas
Borránchos d' unha lus cuase marela.



Pol-a estreita congostra que conduce
As ocultas casiñas de unha aldea
Baixa un fato de mozos é de mozas
Pegando tropezós; y-as palpadelas
Os diaños dos rapazes van de cote
Topeñando n-as mozas, non n-as pedras,
Porque reza un refrán xa muy antigo
Que as caidas en brando... ¡sonlle lerial!

Pindurados das puntas dos varales
Os paxes pr' as castañas todos levan
Y-é de ver á cariña que as rapazas
Põnen, cando os rapaces, n-a conversa,
Dicen rindo que os diaños dos brabádegos
Ó cheirar ás rapazas... se abanean...

E troulando, riíndose, é cantando,
Van mais legres que ó cuxo ven da feira
O fato de rapazas é rapaces

Que baixaba á congostra da sua aldea.

Xa chegaron ó souto de castaños,
E pousando os brabádegos n-a terra,
Elas quedan mirando para eles
Y-eles quedan mirando para elas.

Ás esculcas os us que ruban outras,
Y-as esculcas as outras que se atreven

A rubir os rapaces pol-o arbore
Mentras elas abaixo soilas quedan,
Porque din que si ruben... os ourizos
Cicais que se lle craven pol-as pernas...

O choyo non se arregla hasta que ó cabo
Conveñen en partil-a diferencia,
E ruben por metá os raparigos
E abaixo á metá das mozas quedan,
Eso si, prometéndolle os rapaces
Non ergueren á vista da faena...

Non por nada, si non porque os ourizos
Cando os miran os mozos... regañean...
E pican como á rabia hasta que os probes
Sin saber porque xuncras... logo ceiban...

Xa comenza ó rebumbio n-os follatos,
Comenza a rebolada n-a arboreda,
Comenzan parrafeos maleciosos,
As regueifas de ditos xa comenzan,
E á non seren ó dia... y-a distancia,
Comenzaran de novo as palpadelas.

—¡Ei, ti, Rosa!—di un mozo mais garrido
Que un piñeiro—ten conta co-as orellas,
Non sexa que ch' espiñen os ourizos
E non poidas oubir as paroleiras
Pormesas que che fai Xan de Bergondo,
Que din que pol-as noites te cortexa...!

—¡Boeno, boeno!; ten conta non espiñen
N-o teu peito as espiñas das xenreiras
Que é a espiña máis doída que se sinte
Cando á crava n-o peito á indiferencia,

Mais alá dous rapaces entre as follas
Non sei ó que admiran ou que asexan
Que rebiran os ollos coma ó demo,
Os fociños lambéndose co-a lengoa
Estoupando desexos de falare,
Arrebutan por fin—¡Ti óis, Sabela;
Ten mais conta co-as sayas porque ó diaño
Pol-o visto anda solto pol-aldea,
E din que cando ó diaño tira á manta...
Descóbrese ó pastel...! Xa ó sabes, nena.

Alá riba, n-as polas do curuto.
Arrebola xuntiña unha parexa
Y-o rapáz di muy quedo—Maruxiña,
Xa sabes que á tua imaxen teño presa
N-a y-alma como teñen os ourizos
Gardadas as castañas n-a pelexa;

Que teño teus amores defendidos
Por espiñas de dor é de xenreiras.....

—¡Boeno, boeno!... C-o Sol de outros
Abre á casca... y-o fruto cai n-a terra...

E siguen as parolas y-o bulicio,
As risas, gargulladas, é conversas
Misturado con ruido de follatos
Que de cote os brabádegos varean,
Y-o caer dos ourizos entreabertos,
Y-o caer das folliñas coase secas
Pol-o Outono... á estaceón das saudades
Que con bris de lembranzas, acarrexas
As folliñas da y-alma que cairon
N-o tristeiro sepulcro das promesas...

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

¡Mañanciñas de Outono sempre tristeiras
Sin os córes brillantes das alboradas!

¿De vosoutras que fora, si n-os outeiros
Non xogasen as risas das reboladas...?

.....

Francisco A. de Nóvoa.

¡¡Aldraxados!!

A miseria, a fame, que ronda por total-as aldeas
de Galicia, lánzaos fora da terra nativa. Alá ván, al-
draxados pol-a sorte tras unha iluseón enganosa, á
buscar, ó outro lado dos mares, fortuna qu' eiquí non
atopan.

Vellos, mozos, rapaces e hasta mulleres acuden ós
portos gallegos en demanda de pasaxe n-os barcos que
fan ó viaxe á Amérecas.

Os pobos quedan sin xente, os campos sin traballo,
emigran os braceiros, deixando eiquí, abandonados é
tristeiros, ó lar, os recordos, as legrias dos primeiros
anos, as lembranzas dos primeiros amores, á muller,
os fillos, e os hirmaus; todo un poema que non acer-
taríamos á describere anque nos propuxéramos, por-
que fállanos á intelixencia de Curros, á maestria de
Carbaxal, á pruma de Ferreiro.

Alá van, c-o corazón cheo de bágoas y-a testa de
ilusiós, ó corpo apenas coberto con farrapos, á y-al-
ma en anacos, ó ánemo esmaido pol-o que deixan
eiquí n-a ben amada terriña, ben amada anque non
tivo pra eles sinon tresturas é cativeness sin remedeo.

A centos camiñan hácea outras terras, xuntando
n-unha sola total-as aspiraciós é total-as espranzas
que votan, como úneco petate, ó lombo. Exército de
famentos, vaise aumentando c-os de cada pobo, e cada
chouza, ó pasar, hasta invadir as ruas de Vigo ou as da
Cruña é despois tomar por asalto ó barco que os ha
de levar baixo ceos que non son os ceos da patrea,
ceos estranos, sin cóor nin fermosura.

A desgrácea que os arrinca do chau nativo, debía
ser cuasique un título que ofrecer ó respecto y-a con-
sideración dos mais. Pro hasta nin eso obteñen os
gallegos. Non parece sinon que é un motivo pra que
os traten como servos da gleba, á quen hay dereito á
tratar á lategáceos que sombrizan ó corpo de masau-
ras é caban n-el regueiros por onde asoma á sangue
á borbotos.

Ahi estan sinon as lastimeiras queixas que un
d'eses disgraciados, horfos de toda cras de fortuna,
fixo chegar a un dos nosos compañeiros locaes. Esas
queixas fan sair bágoas os ollos é queiman os labeos



de quen as lee en alta voz. E algo que nos chega á y-alma é fainos proferir en ameazas y-en maldiciós eternas.

Non soilo os xuntan á centos n-a *sentina* d'un barco, onde lles falla o alento e o puro ousixeno, si-non que nin lles dan de comer... ¡De comer cando venderon á vaca, o anaco de terra, á chouza, todo pra pagar o pasaxe que lles esixen! E si moven os labeos pra faguer sair por eles unha súprica, arremeten contra os gallegos tod-os calafates e arróxanos do ponte, como mercancia inutil hastra que van á parar rodando ó lugar de onde sairon... Ali, esfamiados é dooridos, sin ter un consolo, sin recibir un agarimo de ninguén, doblan a testa e ofrecen as costas, pra que os xudíos da terra lles poñan riba d-elas a cruz do despreceio mais croel.

Ah! é o gallego carne disposta pra ser esnaquizada pol-a cuchila infamante da inxusticia.

Hastra n-as horas da maor das suas coitas, son ¡aldraxados! n-a forma que indicou o autor da carta que publicou «El Derecho».

X.

PARRAFEO

—Boenos días, tia Sabela
 —Boenos días, señor Xan
 —E logo, dende ó outro día en que á vin ¿como lle vai?
 —Pol-o de agora, á Dios gracias, inda no me foi muy mal e vou turrando dos anos, pois que teño que turrar, do millor modo que poido. ¿Donde vai tan de maña?
 —Vou ver si rozo un anaco de estrume do meu toxal pois o que tiña n-a coadra vendin-o pra lle pagar os cartos d' iste trimestre á ó recaudador.

—¡Ay, Xan, non hay pra iso remedio senon vender... é calar.
 —¡Boeno, boeno! Si ll' eu fora d' ises señores que van, como dicen os papeles, á ó Congrioso pra falar do que pasa n-o distrito, eu dérame xeito tal pra lles contaren as penas porque temos que pasar cando veñen ises... homes á volarse como cás sobre unhas côdeas que temos ¡que nin se poden richar! pra cobraren os trabucos é as rendas e ó demáis, pintárelles de tal xeito á miseria xeneral que ¡ou perdo á sona de honrado! ou habían de chorar
 —¡Bágoas de *corcodrillo* como di ó señor Damián, ó que nos empresta os cartos cando temos que pagar algunha alcabela de isas, ou xa non temos nin pan

conque ir entretendo á fame que nos ocupa demais.

—Inda podes falar d' il;

¡vaya un favor que nos fai prestándonos catro pesos e cobrando cen reás!

—Sonll'e sas cousas da vida que lle temos que agoantar

—En fin, no lle hay que faguer é, a Dios gracias, menos mal que podemos ir pagando o que empresta don Damián, que outros nin pagarlle poden, é teñenos que embargar.

—Si, como fixo o outro día c-o pai da Rosa

—E verdá.

E á propósito da Rosa sigún din os do lugar anda... vamos... xa V. sabe con intenciós de ser nai...

—A culpa tivoa ela que non foi de ise langran de Farruco, porque ise á fellas non é capaz de faguer soilo isas cousas...

—¡Il soilo claro ch' está! pra esas cousas é perciso unha muller pra axudar!

—Non che quero decir eso, quero decir que ó rapaz si ela non ó arremuxara non se poñía á bailar...

—¡Boeno, boeno! ó fin y-o cabo séralle como os demás...

—Cale, cale; non marmurie: Cando unha rapaza sai...

—Mire, déixeme de contos: os vellos, ver é calar, que en cousas de raparigos xa perdimos ó compás; conque, adios, tia Sabela,

—Diol-o garde, señor Xan.

FARRUCO DE ALONGOS.

¡Si fora bardo...!

Si fora bardo, as miñas poesías
 Somellaran queixumes é lamentos;
 Auras de morte, lembranzas tristes,
 Bágoas que loitan por sair do peito.
 Cántigas com' aquelas que de noite
 Deixan oubir os robres é piñeiros
 Cand' o luar escóndese medroso
 Asubia o vendaval entr' os penedos;
 Cántigas com' aquelas c-os regatos
 Susurran baixo bimbios é ameneiros,
 Tristes com' un amore sin esperanza,
 Queimantes com' a envexa é com' os celos...
 Si fora bardo ó verte, a miña lira
 En anacos puxera, tan pequenos
 Com' as aréas c-o ruxente Miño
 Arrastra n-o seu fondo turbulento,
 Que verte é non poider cantar a y-alma
 O qu' inspira ó teu rostro feiticeiro
 Fora para un poeta mais supricio



Qu' o que Dios apurou n-o Santo Leño.
 Mirar hora tras hora, dia tras dia
 Ises teus roxos é fresquiños beizos;
 escoitar isa voz agarimosa
 Que ten d' o reiseñor ó sentimento;
 Adimirar teus ollos donde brila
 A lus radiante d' o soñado ceo,
 E mirar isas crenchas qu' ondulantes
 Compoñen o feitizo d' o teu pelo
 Sin desexar qu' a Providencia infunda
 C' o seu poder divino n-o cerebro
 Isa lume que fai d' os homes ánxeles:
 O fogo d' a poesía, á lus d' xenio.
 Si fora bardo, a vida consagrara,
 Toda ó vibrar d' curazón enteiro
 A cantar, miña rula, ó que se sinte
 Si un amor sin esperanza abriga ó peito.

Santiago A. de Novoa


(De colaboración).

GREXADAS

Na última sesión do Ateneo en Santiago disertou un raparigo chamado Failde; e despois de falar pol' a súa conta sobre os celtas y-os rexionalistas é xente polo estilo, sentou como conclusión de que os castelanos nunca podían ter mais de catro fillos.

O rebumbio que se armou con tal motivo non e pra dito. Houbo castelao que volveu pol' a raza así ofendida.


Y-o que decía un deles, por mais señas de León, que marmuraba enrabeado: ¡Si tan xiquera fora unha oradoral pero á un rapaz ¿quen lle ouxeta?



Un poeta rural da provincia de Ourense que se bota de masón é librepensador, leu unha poesía n' un círculo católico de Santiago.

Vaya; ese é dos que van c-os da feira é volven co-os do mercado.

Ou dos que lle alcenden unha vela á Dios y-outra ó demo.



Os veciños da Burga quéixanse de que se enchén as casas de fume e malos olores por estar ó descuberto os caños das Burgas e das letrinas da cibdá.

E, o qu' eles din:—vaya, como estamos no barrio de Portugal, ó alcalde quérenos fumigar, en xusta retransa por cando fumigaron os españoles.

Soilo que enton non nos faguián beber ou comer microbios, como agora nos fan á nos. Porque á y-auga das Burgas y-a das cañerías estase xuntando.

Y-o señor alcalde que e médeco xa sabe ó resultado.

A non ser que practique aquilo de:

—«Zapatero á lus zapatos».



Un tal Martínez Grau publicou unha poesía, nun pródico de Compostela, á mau direita.

E despois de expricar pra que pode servir a mau, acaba decindo que mellor que a mau d' unha rapaza fermosa quere a d' unha vella con tal de que lle leve cartos.

Conforme á noiva, que por mais señas é de Verin,

leu tal cousa fixolle o mesmo efeuto que si lle saise un grau n-a nariz e mandouno a paseo. Que foi ó mesmo que si lle dixese que non sabe donde ten a mau direita.

¡Ora o demo! n-estes tempos ir á espricar pra que sirva a mau direita.

E pra mais en pródicos de estudantes.



O noso colega o Eco fai com' os bergantis que aventan tempestade.

Dias antes navegaba á toda vela en mares canidistas é aixiña barruntou, ó noroeste, arreou á escandalosa do mesana é púxose ó pairo.

E n-esta manobra andivo de volta en volta namentras durou ó vendaval que sopraba de Vigo.

Y-os que non estaban n-o allo da custion tolecia n preguntándose que rayo de conduta era aquela; u s decían que de curso é outros de negreiro.

Nos creemos que o buque non ten somellante nota n-o espello de popa e que súa conduta e a de un honrado mercante que teme averias n-o cargamento.

E por eso anda ó pairo.




O que non fan os estudantes non o fai ó demo.

A un catedrático santiagues conocido pol' as suas ideas rexionalistas mandaronlle desde Lugo un caixon, como regalo de Pascuas.

Xuntou o catadrático a familia pra ver aquel regalo que lle anunciaban os seus discipulos lucenses e atopouse... cun nabo que pesaba doce libras y un letreiro que decía: «Froita do pais». A cousa non ten malicia pero ó que non sabemos e se os tales rapaces notarán n-os exames o amargo dos grelos.

Que deiqui alá, teñen tempo de nacer.

E sobre todo que o catedrático a-os de coidar ben. Anque non sea mais que por devolver ó regalo.



Un crego en Centrosó, n-a función da Madanela, non sabemos si por equivocación si por descoñecer á vida da Santa, comenzou o sermón da maneira seguinte:

—Hirmaus e hirmas n-o Señor: si queredes ganar ó ceo imitar a vida da nosa señora á Madanela que xamais cometeu ningún pecado...

E non siguiu porque á risa dos feigreses ademostroulle que o sermón faguiá efeuto entre os rapaces.

Sobre todo entre elas que non lles desgustaba ser Madanela por un pouco de tempo.



O día de Santa Lucía foron á Rairo un fato de raparigas de Ourense c-os seus cortexos.

A volta, xa por causa do viño novo xa pol' a neboa, perdéronse entre os piñeirales y-era de ver os tropezos e coteñadas que levaron.

Unha delas o cair meteuse os ollos n-os dedos do seu noivo e decía:

—¡Asus! din que si se mete un dedo n' un ollo ven-se as estrelas; eu metinnos n-os dous e abofellas si nada vexo.

—Canté,—contestoulle outra—como a Santa e abogada da boa vista abriuchos á un tempo pra que vises todo xunto...



O noso estimado colega o «Noticiero» anda estes días c-unha labor de todol-os díaños.

Todo se lle volve tapar os buracos que abren as preguntas que outros compañeiros lle fan respecto a xefatura do partido conservador da provincia de Ourense.

E, naturalmente, vaille á soceder ó que lle pasa a todo o mundo cando, tendo n-as maus un anaco de masa, á emprega en tapal-os buracos d'os ratos: que ó cabo de tapal-os todos, vaise a quedar sin ter masa pra faguer pan.

Y-o que é peor, vendo como outros comen o seu.



O derradeiro domingo pol' a noite armouse un rebulicio de todol-os díaños n-unha rua cuyo nome non fai ó caso.

Foi este que un rapaz achábase moi entretido en parrafeo longo é tirado co-a sua noiva cando apareceu outra rapaza que pol-o visto tiña tamen algus dereitos pra escoitar os arrumacós é tenrezas do galan.

E ali foi Troya: unha das rapazas xuraba é perxuraba que ó señorito tiña que cumprir co-ela; á outra decia que a auga pasada non moe n-o muiño, convindo por fin as duas en ó que debían faguer era... aruñar xuntas ó Tenorio que en canto viu os resultados da custion corria como un can doente rua arriba sin parar mentes en que a framante capa se ll' en rugaba.

E inda é hoxe ó dia que si ouce pronunciar á sua veira certo nome, que tan pouco fai ó caso, da un pulo de unha vara porque di que aruñaduras de muller, como as dos gatos, nunca teñen boa cura...



O «Eco» andivo estos días, traendo é levando á bruxa da Ponte porque agoirou que o premio da lotería había cair en Ourense.

E hastra c-o agallo de que o recomendara unha persona, ofreceu dobre precio ás participaciós do billete que, sigun á bruxa, había levar ó gordo.

Dito e feito... ó premio non caíu...

O cal veulle a probar ó colega que xa pasaron os tempos das bruxerías, e que si chegan á venderlle as participaciós que tanto cobizaba, fai un bo negocio.

Mal deben andar os tempos pro colega cando ten que fiarse de bruxerías pra buscar fortuna.

Nos creemos que debía cambear o título do preódico.

Y-en vez do «Eco», chamarse ó «Agoriro».

Y-eso que cara de bruxo non ten...

✠POTAXE✠

IMPORTANTE

Rogamos ás personas que non queiran suscribirse ó preódico, se sirvan devolver ó número pra normalizal-a administración.


Os que non ó devolvan consideraranse como suscritores.



N-outro lugar deste número publicamos unha poesía da malograda Rosalía Castro.

Apesar de ser unha das mais conocidas da dóce

cantora da terriña, noso ouxeto ó publical-a non é outro que rendir xusto homenaxe á quen tan ispiradas estrofas achou pra enaltecer sua patria é á quen iniciou á rexeneración da nosa literatura é nosa fala.



Non quixéramos pasar este primeiro número sin cumprir gustosos, non un deber, sinon unha grata misión.

Temos por tal enviar á os nosos hirmaus, os que traballan n-as terras americanas, unha cariñosa aperta, ofrecéndolles as humildes columnas do noso preódico pra canto perciso lles fora.

Reciba á mesma proba do noso afeuto á prensa de aquil país que dedica, esquirta por gallegos, suas páxinas ós asuntos é defensa dos nosos paisanos, é que ostenta ó mesmo lema que nosoutros n-esta tarefa que nos impuxemos.



Na ntronte foi ordenado de epístola ó virtuoso xoven D. Luis González da Riva, fillo do Interventor da Facenda d' esta provincia.

N-horaboa.



Ó par que o noso, saldrá hoxe o primeiro número d' unha revista literaria titulada «El Miño».

Sea benvido ó colega que con nos comenza suas tarefas en pro da localidá e da rexión.

Estreitos lazos que á il nos ligan, impiden que fagamos máis esprícito noso saudo ó colega que seguramente nos axudará n-a labor de rexenerar ó perdido esprito de indepenencia política, y-escrarcemento de *chanchullos* que perxudiquen á nosa amada Galicia.



A Diputación provincial concedeu unha subención á D Modesto Lamas, fillo do insigne poeta D. Valen-iin Lamas Carvajal, pra editar un libro de versos.

Dino de toda aprobación é o acordo dos nosos administradores ó protexer e alentar á xuventu n-o camiño das letras, que tantas grorias ten aportado á rexión.



Causas alleas á nosa vontade impidironnos sacar este número ó domingo, como á contar do prúximo faremos.



Un dos décimos do numero premiado c-o gordo adquiriuno en Burgos doña Herminia Garcia Recarey filla d' esta capital casada c-o notario de Maceda don Alfonso Rodriguez Rey.



«A Gaceta de Galicia» de Compostela publica un articulo decindo que en Ourense é tal-a afición ó xuego que hastra as señoras acuden ós lugares onde se lle lira da orella á Xorxe.

O colega de Compostela *mint*e des caradamente.

Pouco creto merecen xa ó púbrico as afirmaciós de un preódico que... *apaña* articulos de outros, como fixo fai pouco c-o «Derecho» é os pon como seus permitíndose alteral-os, pra molestarnos en desmentil-o.

Conócese que xa é n-el costume vella enganar ó púbrico.

A falta de espacio impídenos extendernos mais, pero cónstelle ó preódico... *apañador* que en Ourense

podrá xogarse como se xoga en todo o mundo, pero non tanto como en Compostela,



O notabre médeco y-escritor, estimado amigo noso, don Luis Fernández Pérez, acaba de publicar un libro entitulado «Impresiones médico-artísticas» n-o cal fai algús estudos é ouservaciós referentes ás augas medicinales, arborado é outras riquezas da nosa terra.

Como bós gallegos non podemos menos de felicitar é dal-as gracias ó autor pol-o seu interés en pró da nosa querida Galicia; é, como escritores, aunque modestos, ó noso mais sinceiro parabén, tanto pol-o seu correuto estilo, como pol-a elegancia da sua costrución.

Fillos como ó señor Fernández Pérez precisa moitos Galicia pra conquistar ó respecto é admiración de que é dina.



Un fillo da terra, Camilo de Cela ou Luis de Haro, pois con ambos seudónemos se coñece, colgou ó mandil do pescozo, empuñou á espátula é erixiu cráteda pra falarnos da nosa clásica cucina, cuyos esprendores camiñaban com' o dia, hácea á posta do sol, pol-o modernismo que nos entrou pol-as portas da casa sin pedire permiso, coberto é co-as maus n-as bolsas do gabán, como si fora casa aberta é por ninguen gardada.

A «Voz de Galicia» é tamen «El Derecho» xúntanse á Luis de Haro, é os tres resurxan as gorrias da cucina gallega, é fan cobrarlle, co-a defensa que d' ela escriben, á preponderancia que iba perdendo pouco á pouco.

Dios lles faga ben pol-a obra que tran entre maus.

As BURGAS mercaron xa unhas cantas ramas de laureiro pra tecer unha coroa co-a que premiar os enxebres gallegos Luis de Haro, y-os que figuran n-as redaucións d' ambos prodicos.



A «Biblioteca gallega» está imprimindo un libro de «Contos» orixinal do distinguido escritor é compañeiro noso, don Heraclio P. Placer,

A lexitema nombrada que n-este estilo adquiriu ó cerebrado autor de «O pé do barbaña» é de «Anxelo», é garantía d' abondo pr' asegurar un éxito ó novo libro.



A lotería non quixo visitarnos este ano.


O úneco décemo que foi premeado tiverono que ir mercal-o á Burgas. Como quen di ó fin do mundo.

Con tal motivo vese por ahí cada caris de murria que non parece sinon que andamos de enterro.

As «boubas» corren pol-o pobo que da xenio; os desgraciados poñen como quen di ó grito n-o ceo; outros esperan á «lista grande» pra ver si ainda toca algun peso perdido, é os que non votaron rinse de todos.

Vayase pol-a conta do que rabiarian si eses millós viñeseu á quentarse n-as Burgas en vez de xiarse en Burgas. Porque tamen óquivoco diu xuego.

E non de bolos. se non de «bolas.»



Pro ano, Dios y-as cadelas mediantes, pensamos introducir algunhas reformas n-a revista.

E si ó favor do publico enxebre corresponde a os nosos bós desexos faremos «monifates», é decir, tipos chistes, é cousas do pais c-os seus grabados correspondentes.

Si á boa xente nos axuda, Dios llo premie, é se non ó administrador llo demande.

IMP. DO EL DERECHO

Dous de Mayo 2, e Padre Feixóo 7, baixos

SEUCIÓN D' ANUNCIOS

—Seica lle doen as moas?
—Máis do quixera, máis!
—Pois fillo, pra eses males
Soilo un remedio lle hay
Que é arrincalas do seu siteo
—¿E quen lle pode agoantar
Os delores que se sofren
Si á condergada non sai?
—¡Leria, leria; pol-o visto
Ven de Angrois ou de Sigrás
Pois non sabe que en Ourense
Inda nadie teme tal
Mentras teñamos con nosco
A García do Villar!

ESTETUTO, 2

¡Ay! que fora das mulleres
si n-este mundo infelice
Os sabios non inventaran
Pra coser, máquinas SINGER.

PROGRESO

Unha noite quixo o diaño
Pra acabar
Co-a pacencia dos n-os nacidos
Outro mal
Dar ós homes, e unha mala
Enfermedá
Veu, y-a pouco si nos deixa
sin mirar.
Máis apenas socedera
caso tal
Veu á Ourense un oculista
de verdá
E destonces non han cegos
Nin hay choscas n-a ciudá.

ALONSO HERNÁNDEZ

Alba, 9

Estou que tremo
Con estes frios,
Estou xiado
Y-atercido;
¡Ay, se non foran
Eses texidos
Tan bós, que teñen
Os de Garrido!

PAZ, 4

—¡Ay, Marica!
—¿Que che pasa?
—Ti non fuches inda á casa
Que acabaron de montar
Con un surtido seleuto,
Como dicen n-o prospeuto
Esquina á rua da Paz?
—Non che soupen nada d' iso
—Pois que o seipas é preciso
Que alá foronlle á acodir
Toda xente que lle falla
N-outros siteos... ¡Que quincalla
Celestino vende allí!
PRAZA DO RECREO



IMPRENTA

DO

EL DERECHO

DOUS DE MAYO, 2 e P. FEIXOO, 7

Recibiuse un gran surtido de tipos procedentes das máis acreditadas frábricas de España e o estranxeiro pra toda cras de traballos tipográficos.

—¡Ay chacho, que *majo* ves;
Nunca tal outra vería!
¿Qué díaños de xastre tés?
—¡Visteme Xosé María!

PEREIRA, 2

Si eu fora rico, roliña,
E si tivera cadelas
Como che teño vontade
E por tí teño xenreiras,
Mercara pra os teus cabelos
Ristras de nítidas pelras,
Diamantes e rubises
E mil bellisimas pedras
D' esas que brillan e lanzan
Refrexos de tal pureza
Que as mulleres, ó locilas
Máis ben luceiros somellan.

¡Si eu fora rico, roliña,
Si moitos cartos tivera
Por tí en casa de Delage
Deixáranme sin cadelas!

PRAZA MAYOR

—¿Qué che pasa n-ese ollo?
—Que por pouco se me cai
E si algo me descuido
A pouco o levo n-a man.
—Anque o levaras caído
Inda o podías curar
Con tal de que foras logo
A xunta o doutor Marbán
HERNÁN CORTÉS, 7

Parrafeo que ó outro dia
A un bô petrucio escoitei
Ó sair con outro amigo
De tomaren us cafés
Dos que dá Radriguez Santos
N-a *Unión*:

—¡Quén poidera tér
Moitas cadelas pra viren
A gastal-as n-o café!
—¡Xa cho creo; eu cando tomo
Un, non perciso comer
Cuasemente, cuasemente
En duas semas ou três!!

PEREIRA, 9

El Derecho

DIARIO DEMOCRÁTICO

PRECIOS DE SUSCRICION

Ourense, ó mes. catro reas.
Fora, trimestre (pago adiantado). dazaseis id.
Cuba, Porto Rico e Filipinas. sesenta id.
Comunicados e anuncios fixos ou por longas tempa-
das, com' o demáis, á precios convencionales.

AS BURGAS

LITERATURA E ARTES

PRECIOS DE SUSCRICIÓN

Ourense, ó mes. dous reas.
Fora, trimestre (pago adiantado) oito id.
Amérecas, trimestre. vinte id.

NÚMERO DO DIA, UN CAN

Santos, tinteiros, papees,
Lápices, prumas, frasquiños
Con tintas de mil coores
E de mil tonos distintos;
Cromos, estampas e chismes
De Fiseca, moitos libros;
Todo canto un escritorio,
Dende ó luxoso ó preciso,
Faga falla, de seguro
Que o ten n-a Praza Martino.

Así como Dios creou
Pr' os regatos a fontela,
E pr' os paxaros os pios,
E unha luz pra cada estrela,
Creou as *americanas*
Para que as faga Varela!

PAZ, 17

